

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de febreiro de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULO PARA DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS, POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA.

Visto que con data 8 de febreiro de 2018 polo señor concelleiro delegado de educación e cultura informouse a necesidade de realizar a contratación "SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS, propoñendo a súa contratación mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, e tramitación ordinaria e cuxo prego de prescricións técnicas está recollido na resolución da Alcaldía nº 1093/2017, de 3 de maio de 2017.

Visto que emitiuse Informe de Intervención 3/2018, sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que emitiuse Informe por Secretaría o 9 de febreiro de 2018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Examinada a documentación que o acompaña, visto o informe-proposta de Secretaría do 15 de febreiro de 2018, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e artigo 110 do TRLCSP, así como a delegación efectuada mediante decreto da Alcaldía 480/2016 de 16 de marzo (BOP núm. 62 de 4 de abril de 2016) e a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (Informe 47/2018), a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria da "**SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS**", según o prego de prescricións técnicas recollido na resolución da alcaldía nº 1093/2017, de 3 de maio e prego de cláusulas administrativas particulares que figuran como anexo I deste acordo.

SEGUNDO: Autorizar, en contía de **25.000- Euros**, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida **3262.62400** do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2018.

TERCEIRO: Nomear a Mesa de Contratación coa seguinte composición:

Presidente: David Santomil Mosquera, Concelleiro delegado de Educación e Cultura, ou concelleiro no que delegue.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación ou funcionario/a que a substitúa.

Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación ou funcionario/a que o substitúa.

José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación, ou outro funcionario/a da Corporación.

Secretario:

Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación ou outro funcionario/a da

Corporación.

CUARTO: Nomear como responsable do contrato a arquitecta técnica D^a Margarita Iglesias Santomé.

QUINTO.- Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do contrato

O obxecto do contrato é a “**SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS**” coas características técnicas “mínimas” recollidas no prego de prescricións técnicas que forma parte do expediente, aprobadas por resolución da Alcaldía 1093/2017. e cuxa codificación é CPV 34130000-7 // Vehículos de motor para el transporte de mercancías.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración tal e como establece o artigo 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP).

O Prego de Prescricións Técnicas considérase que forma parte integrante deste prego, polo que ten carácter contractual. En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do TRLCSP. A tramitación será a ordinaria.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 TRLCSP.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil de contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.concellodeames.gal.

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 20.661,16.- euros, ao que se engadirá o

Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 4.338,84 euros, o que supón un total de 25.000.- euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 20.661,16.- euros (IVE excluído).

*O importe abonarase con cargo á aplicación **3262.62400** do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.*

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden tanto o prezo do contrato como os gastos da entrega e transportes dos bens obxecto da subministración, o Imposto sobre o Valor Engadido e demais tributos que sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. A cantidade correspondente ao IVE figurará como aplicación independente.

CLÁUSULA QUINTA. Prazo de Execución do Contrato.

O contrato finalizará coa firma da acta de recepción dos bens fornecidos.

O prazo será o fixado no prego de prescricións técnicas e será de 1 mes, contados a partir da sinatura do contrato, podendo prorrogarse polo Concello se circunstancias particulares ou excepcionais así o aconsellasen.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de Proposicións.

As ofertas presentaranse neste Concello en horario de 09:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no Perfil de contratante.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se reciba a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do TRLCSP.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as

propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Proposición para licitar á contratación da **"SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS"**". A denominación dos sobres é a seguinte:

Sobre A: Subtitulado "Documentación".

Conterá soamente a seguinte documentación:

1.-Declaración responsable.

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP que establece : "O órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adjudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adjudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos".

Polo tanto presentarse unha declaración responsable con arranxo o seguinte modelo:

Modelo de Declaración Responsable

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./D^a con DNI.....e domicilio en....., actuando en nome propio ou en representación decon domicilio en....., e en relación co contrato de **"SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS"**

Declara

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adjudicación, a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adjudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos neste prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adjudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 do epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e firma do propoñente)

2.-Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

D./D^a _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adjudicación do contrato de Título:

Autorízase para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

Fax: _____
Correo electrónico: _____

12.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica, prazo de garantía, e prazo de gratuidade das labores de mantemento e revisións periódicas (criterios evaluables automáticamente)".

Conterá a proposición económica, prazo de garantía e prazo de gratuidade das labores de mantemento formulada estritamente conforme o modelo que figura a continuación.

Proposición económica e demais criterios evaluables automáticamente.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

« _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, núm. ____, con NIF núm. _____, en representación da Entidade _____, con CIF núm. _____, coñecedor da licitación do expediente para a contratación da subministración de _____ por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

- Asímesmo oferto un prazo de garantía en pezas e man de obra (sen límite de kilómetros) para posibles avarías de _____ anos.

- Asímesmo oferto un prazo de gratuidade nas labores de mantemento e revisións periódicas (sen límite de kilometraxe), tanto en materiais como man de obra de _____ anos

En _____, a ____ de _____ de 2018.

Sinatura e selo do licitador,

Asdo.: _____.»

CLÁUSULA OITAVA. Garantía Provisional

En consonancia co artigo 103 do TRLCSP e dadas as características da contratación non se esixe.

CLÁUSULA NOVENA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 TRLCSP.

CLÁUSULA DECIMA. Apertura de Proposicións

10.1 Apertura das ofertas e criterios de valoración.

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas e demais criterios evaluables automaticamente mediante aplicación de fórmulas. Celebrarase no lugar e día que se sinale no Perfil do Contratante do Concello de Ames.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados correspondentes ao sobre A, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas contidas nos sobres C que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a Mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

As proposicións valoraranse de acordo aos seguintes criterios:

Criterio de valoración	Puntuación
OFERTA ECONÓMICA.	40 puntos a mellor oferta económica, asignándose ao resto de acordo a seguinte fórmula: Mellor oferta económica x 40 puntos / oferta económica do licitador.
AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA EN PEZAS E MAN DE OBRA (SEN LÍMITE DE KILOMETRAXE)	30 puntos a proposición que oferte un maior prazo de garantía (en anos), asignándose ao resto de acordo a seguinte fórmula: Prazo de garantía ofertado polo licitador (en anos) x 30 puntos / Maior prazo de garantía ofertado
LABORES DE MANTEMENTO E REVISIÓNS PERIÓDICAS (SEN LÍMITE DE KILOMETRAXE) GRATUITAS, TANTO EN MATERIAIS COMO MAN DE OBRA.	30 puntos a proposición que oferte un maior prazo (en anos) de gratuidade das labores de mantemento e revisións periódicas, asignándose ao resto de acordo a seguinte fórmula: Prazo de gratuidade ofertado polo licitador (en anos) x 30 puntos / maior prazo de gratuidade ofertado.

10.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada polo órgano de contratación á proposición da Mesa de Contratación.

10.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

10.3.1.- Non se contemplan. Dadas as características da contratación, na que os vehículos ofertados poden ter prezos moi distintos en función do fabricante, características técnicas, ofertas de marca, distinto equipamento do vehículo (opcións), etc, así como os criterios de adxudicación establecidos, con ampliación gratuíta do prazo de garantía e de labores de mantemento e revisións periódicas, resulta practicamente imposible establecer un criterio económico adecuado e

obxectivo que permita apreciar o carácter desproporcionado das ofertas presentadas; non obstante, os prezos deberán ser os propios do mercado do sector..

10.4 Criterios de desempate

No caso de que aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores/as con discapacidade (superior ao 2%), de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Requirimento da Documentación e adxudicación.

Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de clasificación, requirirase ao licitador que presenta a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

-A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social e de non ter débedas co Concello de Ames.

-Garantías:

Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

Garantía complementaria: Naqueles casos nos que a proposta da Mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que presentase a oferta máis vantaxosa, unha vez xustificado o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente requiriráselle, de conformidade co art. 96 do TRLCSP, que ademais da garantía á que se refire o parágrafo anterior, preste unha complementaria dun 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto neste caso o importe da garantía definitiva o 10% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía complementaria constituirase separadamente e poderá ser devolta unha vez se formalice a acta de recepción.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago.

Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fora rexeitado pola administración.

Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

- **Empresario individual:** Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

- **Persoas xurídicas:** escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se nono fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF) debidamente compulsada.

- **Empresas comunitarias:** A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

- **Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega):** A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

- **Empresas non comunitarias:**

1.-Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.-Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea, deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

- **Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias):** Declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

- **Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.** Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil (art. 55 do TRLCSP).

- **Poderes:** Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

- **Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:** Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D/D^a..... con DNI..... e domicilio en provincia de rúa
..... nº.....en nome propio ou en representación da empresa..... á
que representa no procedemento de adxudicación do contrato de subministración Título:
.....

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do proponente)

- Documento de clasificación empresarial. Non se esixe.

- Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Dado que non resulta esixible a clasificación do contratista para a execución do subministro, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica ou profesional por algunha das seguintes formas:

- Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que corresponda, de ser o caso.

- No caso de que a empresa non estea clasificada, deberá acreditar a solvencia da seguinte forma:

Solvencia económica e financeira: mediante a xustificación do volume anual de negocios dos cinco últimos exercicios concluídos.

O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro; en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica ou profesional: mediante a relación dos subministro do mesmo tipo ou natureza, executadas no curso dos últimos dez últimos anos.

Apreciación da solvencia:

Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio do cinco últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato, cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato, se a súa duración é superior a un ano.

Solvencia técnica e profesional: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución dos dez últimos exercicios concluídos, sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media, se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa a solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e, en consecuencia, non se establece excepción de presentación desta por razón da contía (art. 11.5 do Regulamento da lei de contratos).

- Unións temporais de empresas: *Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.*

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da

Deputación da Coruña: Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritos, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP; nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios, co fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e, en consecuencia, as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F) sempre que os citados documentos estean vixentes.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta; neste caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas. Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación notificaráselle aos licitadores e simultaneamente publicarse no Perfil de contratante do Concello de Ames.

CLÁUSULA DECIMO SEGUNDA.- Formalización do Contrato.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Dereitos e Obrigacións do Adxudicatario.

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64 do TRLCSP).

— Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación até o límite máximo de 500.- euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do TRLCSP, para os supostos de subcontratación

— A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que deba ser entregado como consecuencia do contrato, podendo ordenar ou realizar por si mesma análise, ensaios e probas dos materiais que se vaian a empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.

— O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta houbera incorrido en mora ao recibilos.

CLÁUSULA DECIMO CUARTA. Factura.

Conforme á Disposición Adicional Trixésimo Terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá obrigación de presentar a factura que expida polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, previstos no apartado segundo da citada Disposición Adicional Trixésimo Terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica:

- a) Que o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Ames.
- c) Que o destinatario é: Entidade Local: Concello de Ames; NIF: P1500200I; Código L01150026.
- d) Que o código DIR3 é Código L01150026.
- e) Que a oficina contable é Código L01150026.
- f) Que o órgano xestor é Código L01150026.
- g) Que a unidade tramitadora é Código L01150026.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Revisión de Prezos.

Non se contempla

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Prazo de Garantía.

Establécese un prazo de garantía mínimo de 2 anos (sen límite de quilometraxe) a contar desde a data de entrega do ben, se durante o mesmo se acredita a existencia de vicios ou defectos da subministración a Administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten desaxeitados ou a reparación dos mesmos se for suficiente.

Se a administración estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e exista a presunción de que a reposición ou reparación de devanditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá antes de expirar devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigación de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalice algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento da responsabilidade por razón dos bens fornecidos.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Execución do Contrato.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Modificación do Contrato.

Só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, produciuse con posterioridade á adxudicación do contrato.
- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Penalidades por Incumprimento.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, haber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias dedicadas de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, haber incumplido a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades proporcionais a gravidade do incumprimento non podendo superar a contía do 10 % do orzamento de contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíuse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Resolución do Contrato.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 299 do TRLCSP; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA . Réxime Xurídico do Contrato.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adjudicación, efectos e extinción rexerese polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o TRLCSP, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á normativa sobre contratos e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do TRLCSP.

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto deste prego a regulación das condicións técnicas que han de requirir o vehículo a adquirir para o Concello de Ames – Servizo de Comedores.

O vehículo a adquirir é o que a continuación se relaciona, con indicación das características técnicas mínimas.

2. VEHÍCULO

O vehículo do presente Prego é o seguinte:

- 1 Vehículo tipo Furgoneta de 5 portas (en diante, “vehículo”).

Se achegará a ficha obrigatoria segundo o Real Decreto 83/2002, de 2 de agosto e Directiva 1999/94/CE.

3. CARACTERÍSTICAS MÍNIMAS DO VEHÍCULO A SUBMINISTRAR

Se entende que as características son as mínimas esixidas:

Motorización:

- Cilindrada: 1.500 cc.
- Potencia: 100CV DIN
- Nº cilindros: 4.
- Motor: Diésel.
- Combustible: Gasóleo.
- Freos: Disco.
- Cambio: manual.
- Dirección: Asistida.
- Carga útil: 1.000.-kg.
- Sistema de freado “ABS”.
- Control electrónico de estabilidade “ESP”.

Equipamento:

- Capacidade: 3 persoas e zona de carga.
- Airbag de condutor e pasaxeiro desconectable.

- *Panel separador de carga.*
- *Retrovisores exteriores axustables.*
- *Asento condutor regulable en altura, con reglaxe lumbar.*
- *Elevalunas eléctrico.*
- *Parabrisas atómico.*
- *Climatizador manual.*
- *Radio.*
- *Dispositivo de teléfono mans libres.*
- *Faros antinéboa dianteiros.*
- *Luminaria antinéboa traseira.*
- *Detector de obstáculos / dispositivo de proximidade.*
- *Carrocería cor branca.*

Dimensións:

- *Volume útil zona de carga: 5m³.*
- *Máxima anchura exterior do vehículo, incluídos os retrovisores despregados: 2350mm.*
-

As referencias a marcas que figuran neste prego, se entende “ou equivalente”.

Todo o material e características deberán cumprir coa lexislación vixente para cada un dos apartados.

4. CATÁLOGO

Se deberá incorporar á documentación cantos catálogos sexan necesarios, (do equipamento, carta de cores, etc.), para especificar o mais posible o ben de que se trate, así como fotografías do vehículo que reflíctan o estado actual do mesmo e canta documentación permita coñecer as características do vehículo.

5. CONDICIÓN DA ENTREGA

Corresponde ao adxudicatario do contrato:

- I. Entregar o vehículo, o seu equipamento e accesorios, totalmente novos, en perfecto estado, sen ningún tipo de deterioro.*
- II. Serán a conta do adxudicatario os gastos de entrega e transporte.*
- III. O vehículo se entregará ao corrente no pago de taxas e o imposto de matriculación, así como calquera outro tributo ou taxa tanto estatal como autonómica ou municipal.*
- Iç. O vehículo e os seus elementos deberán ser entregados unha vez superados todos os controis e inspeccións técnicas regulamentarias para que poidan circular sen limitación legal.*
- ç. O vehículo serán entregado con toda a documentación técnica así como todos aqueles elementos que por disposición legal sexan actualmente obrigatorios (triángulos de emerxencia, chaleco reflíctante, xogo de luces de repostro, equipo de ferramentas, extintor etc.), así como o manual de operacións de mantemento e o certificado de garantía.*
- çI. O vehículo será entregado co material mínimo de recambios e ferramentas (con especial cuidado das obrigadas pola lexislación) tales como: un elevador, unha chave de rodas, unha roda de recambio ou kit antipinchazos, un xogo de alfombrillas de goma dianteiras, triángulos de sinalización de perigo plegables, xogo de lámpadas, extintor.*
- çII. O vehículo se entregará totalmente operativo e posto para rodar pola estrada.*

6. LUGAR DA ENTREGA

O adxudicatario entregará o vehículo na sede do Concello de Ames (Praza do Concello, nº 2 Bertamiráns), ou no lugar sinalado ao efecto.

7. PRAZO DE ENTREGA

O prazo máximo de entrega será de UN MES a partir da formalización do contrato.

No obstante, este prazo poderá ampliarse por acordo do Concello de Ames, a petición do adjudicatario e previa xustificación dos motivos excepcionais que concorran en cada caso.

O Concello de Ames recibirá o vehículo con todos os equipos incluídos na oferta, sendo comprobado polo persoal municipal encargado da súa recepción que se adecúa ás características esixidas.

8.- PRESUPOSTO MÁXIMO DE LICITACIÓN: 25.000.- Euros.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a vinte e dous de febreiro de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria